



**ACTA Nº 1/2018**

**REUNIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO".**

ASISTENTES:

DEPUTACIÓN DE LUGO:

- D. **Miguel Ángel Fernández López**, Director da Granxa Gayoso Castro e responsable do contrato.
- D. **Manuel Ángel Jove Losada**, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento e integrante da Comisión técnica de apoio ao responsable do contrato.
- D<sup>a</sup>. **María Ángeles Rivas Vázquez**, Xefa de Sección de Contabilidade e Contas do Servizo de Intervención e integrante da Comisión técnica de apoio ao responsable do contrato.
- D. **Jaime Caldeiro Pérez**, Enxeñeiro Técnico Agrícola da Granxa Gayoso Castro e integrante da Comisión técnica de apoio ao responsable do contrato..

RECRÍA CASTRO S.L.U.:

- D. **Rogelio Grille Barbeira**, Responsable Técnico do Centro de Recría.
- D<sup>a</sup> **Noelia Mourazos García**, Responsable de Control de Calidade do Centro de Recría.

En Lugo, sendo as 11:25 horas do día 15 -martes- de maio do ano 2018, reúnense, no Salón de reunións ( salón azul) do Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo, o responsable do contrato, os membros que compoñen a comisión técnica de apoio ao responsable do contrato e os responsables de Recría Castro S.L.U. anteriormente citados, coa finalidade de dar resposta á convocatoria do responsable do contrato de data 10/05/2018 para realizar o seguimento dos obxectivos do contrato tal e como establece a Cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

As persoas relacionadas, deliberan sobre as seguintes cuestións:

- 1) Segundo a Cláusula 12 do PCAP as función do Representante da Deputación de Lugo é facer un seguimento dos obxectivos do contrato polo que se lle solicita a Recría Castro S.L.U. unha descrición breve das actuacións que levaron a cabo ata o de agora no Centro de Recría, que deberá aportar á maior brevidade posible.
- 2) Segundo o apartado 12 da Cláusula 8.1. do PCAP Recría Castro S.L.U. terá dereito a aproveitar a masa forestal que exista na base territorial adscrita a execución do contrato, e deberá comunicar as vendas realizadas ata o de agora da masa forestal por razóns de urxencia, así como as ofertas recibidas das mesmas.



## DEPUTACIÓN DE LUGO

- 3) Recría Castro S.L.U. deberá publicar mensualmente a admisión de xovencas e aportar os requisitos tidos en conta nas seleccións de explotacións da Provincia de Lugo e xovencas das mesmas acorde ao "Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo", respectando a lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- 4) Emprázase á empresa concesionaria Recría Castro S.L.U. a que abra un prazo de 20 días ou 1 mes para priorizar a selección das distintas explotacións da Provincia de Lugo interesadas en remitir xovencas ao Centro de Recría.
- 5) Os representantes de Recría Castro S.L.U. informan ao responsable do contrato e aos integrantes da comisión técnica de apoio, que ten previsto realizar un Proxecto de construción de varias edificacións de apoio ao Centro de Recría do que solicitará un Plan de mellora (axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas) á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. Dende o responsable do contrato e a comisión técnica de apoio da Deputación, trasládaseselles que segundo establece o punto 5 da Cláusula 7 do PCAP para executar ditas obras deberá contar coa autorización do órgano de contratación polo que terá que informar previamente ao responsable do contrato e á Comisión técnica de apoio ao mesmo, a fin de elevar informe ao órgano de contratación.
- 6) En sucesivas reunións, como esta sesión, haberá que protocolizar a comunicación e aporte de documentos entre Recría Castro S.L.U. o Responsable do contrato e a Comisión técnica de apoio ao responsable do contrato.
- 7) Toda a documentación xerada e aportada entre Recría Castro S.L.U. e o responsable do contrato e a Comisión técnica de apoio ao responsable do contrato, subirase ao *banner* específico sobre o Centro de Recría creado na páxina web oficial da Deputación de Lugo así como na páxina web de Recría Castro S.L.U.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as 12:05 horas do 15 de maio de 2018, levántase a sesión e dela a presente Acta, que, despois de lida, é aprobada pola unanimidade dos membros presentes, asinándose polos persoas que participaron nesta reunión.

O responsable do contrato.

Asdo: Miguel Ángel Fernández López.

NOELIA MOURATOS

ANGELES RIVAS VAZQUEZ

JAIMÉ CALDEIRO PÉREZ